



RESOLUCIÓN pola que se modifica o tribunal que deberá cualificar o proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería (Praza núm. 4).

Unha vez presentada a renuncia por un dos vogais do tribunal, de acordo co establecido no artigo 12 das bases reguladoras desta convocatoria, esta dirección

DISPÓN

Primeiro. Aceptar a renuncia presentada por Pablo Taboada Antelo como vogal do tribunal encargado de avaliar o proceso selectivo para a cobertura do proceso de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, praza núm. 4.

Segundo. Nomear no seu lugar a Manuel Souto Salom, USC, Oportunius Research Professor.

Asinado en Santiago de Compostela na data que consta a marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelos Queijo

